

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

N.º 29 · xaneiro - marzo 2015

1€



Neste número:

A depuración dos mestres de Outes (X)

Orzamentos sanitarios 2015.

Roteiro: De Santiago ao
Santuário de Ámil.

Benedicta do Cociñeiro.

Día das Letras Galegas
para Pepe Agrelo.

Viaxes: o Byodoing.

A guerra do poeta Añón (III).

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a
Manuel Martínez Brión

Editorial:*Queremos a nosa lingua*

Terra de Outes naceu como un medio informativo ao servizo da comunidade e seriamente comprometida con esa colectividade. Foi, é e será o seu un compromiso irrenunciable cunha “terra” con lindes xeográficos concretos, mais encadrada noutros de máis amplitude e consideración: **“Unha comunidade de persoas con historia, cultura e territorio propios, unha comunidade coa conciencia de constituír un pobo cohesionado e diferenciado”**.

Este pobo diferenciado, este país, esta “nacionalidade” (deste xeito a define o seu Estatuto) posúe como maior e máis importante elemento integrador e cohesionador cultural unha lingua milenaria: **o galego, o ADN que a identifica e diferencia**. Se os membros dunha familia se identifican polo seu ADN, os membros da familia galega tamén.

A exclusión da lingua propia dun pobo é un feito antinatural á que lle hai que buscar unha causa e algún responsable actuando “contra natura”. A causa foi aquel texto normativo tan eficaz como destrutivo dunha normalización inda non acadada, incipiente mais proxectada, deseñada e aprobada por unanimidade no órgano lexislativo galego, curiosamente cunha Xunta do PP e con Fraga de presidente. A responsabilidade correspóndelle ao actual conselleiro de Educación e ao presidente da Xunta, Núñez Feijóo, que aprobaron aquel **“Decretazo”** e ao grupo que os apoiou. Cando un pobo elixe un goberno de desleigados remata sufrindo estas consecuencias.

O enorme descenso dos galegofalantes principalmente entre as faixas de idade máis novas, tres de cada catro menores de 15 anos nunca ou case nunca utilizan como lingua vehicular o galego, significa que estamos a vivir un proceso de exclusión social do idioma que nos identifica como o que realmente somos.

Os que somos galegos porque mamamos Galicia e falámo-la lingua dos devanceiros somos conscientes de que sobra a torticeira propaganda e a falsa idolatría dos ególatras desleigados. Por iso facemos un chamamento aos que seguen a ser galegos e senten a súa identificación como membros desta comunidade de persoas **para que apoiem tódalas manifestacións, actos e vindicacións do noso común patrimonio cultural coa súa presenza**.

O 8 DE FEBREIRO TÉMO-LA OBRIGA DE DEFENDE-LO GALEGO.

ADIANTE!

**Director:**

Xosé M. V. Luhía Especht

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

NOTA

Se algún lector ou lectora desexa colaborar coa nosa revista pode mandar o seu escrito, que non debe exceder os 2.000 caracteres (espazos incluídos), con indicación de nome, apelidos, DNI, enderezo e tfno., ao noso enderezo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Revista subvencionada por:

**CONCELLO
DE
OUTES**



Cea de Nadal

O sábado 20 de decembro do pasado ano, a Asociación Terra de Outes reuniu a 22 dos seus membros na súa tradicional cea de Nadal, celebrada no restaurante Areal e que supuxo o derradeiro dos cinco banquetes que reuniron os seus socios e colaboradores ao longo do pasado ano. Nesta ocasión, logo de degustar un primeiro prato a base de lagostinos, un segundo prato de pescada á cazola ou xarrete de tenreira (ao gusto de cada comensal) e postres variados, brindouse polos dez anos de existencia que a nosa asociación vai cumprir neste 2015.



Pepa Nieto doa unha escultura a Terra de Outes

O pasado 6 de decembro a artista natural de S. Ourense, Pepa Nieto Busto, en agradecemento por terlle organizado a exposición da súa obra escultórica na Casa de Cultura da Serra durante os meses de xullo e agosto, doou unha das súas pezas á nosa Asociación. Esta escultura de 42 cm. de alto titulada "Interiores" e realizada en barro refractario e óxidos no ano 2010 foi recibida polo presidente da Asociación Xoán Mariño que se comprometeu coa autora a expoñela permanentemente nun espazo público así como a cederlla cada vez que a artista desexa incluíla nalguna das mostras que vaia realizar en calisquer cidade galega. Esta escultura única pasa a engrosar a colección de Terra de Outes da cal xa forman parte un gravado do pintor outense Arximiro Suárez e un dos debuxos preparatorios que o artista noiés Alfonso Costa realizou para o retrato do poeta Añón que formou parte dos actos do bicentenario do escritor no 2012. Patrimonio que esperamos sexa incrementado ao longo dun futuro lonxevo que desexamos para a nosa Asociación e que algún día, que queremos non moi lonxano, luza nun local propio para goce de todos os vecinos e veciñas de Outes.



Exposición de fotografía



Durante o mes de outubro a asociación Terra de Outes organizou na casa da Cultura de Outes unha exposición de fotografías realizadas polos alumnos/as do ciclo de foto do IES Virxe do Mar de Noia co título de "Introvisións". No acto interviron Xoán Mariño, presidente da asociación, que inaugurou a mostra e presentou a Xavier Castro, director do centro, e a profesora do ciclo Montse Pernas, que se referiu ao traballo dos seus alumnos e alumnas coas seguintes palabras: "**Introvisións** é unha maneira de espirse como xeración, un conxunto de **intromisións** no interior dos seus protagonistas que unhas veces fabulan, outras veces autoexpóñense e outras collen distancia. Non podían faltar os imprescindibles: o amor, a amizade, o sexo, a música, a tecnoloxía, os estudos, o traballo, a estética, o deporte, os cartos, as adicións, a moda... Un ir e vir constante de temas que ocupan e preocupan a cada promoción de mozos e mozas na procura da eterna xuventude ou que loitan contra as pantasma que, sen chamalas, moran de arredor tamén nesta etapa vital".

A depuración dos mestres e mestras de Outes (X):

José Rodríguez Pena. Mestre en San Cosme.

Xoán Fco. García Suárez

Este mestre, natural de Mazaricos, exercía na escola de Outeiro. Recibe en setembro de 1936 a notificación da destitución e cese. Sobre el pesan as acusacións de “*ser militante de Izquierda Republicana, ser propagandista del Frente Popular, relacionarse con directivos locales de izquierda, y participar como interventor del candidato de Izquierda Republicana, Manuel Esperante Caamaño, en las elecciones de febrero de 1936*”.

O mestre, de vinte e cinco anos de idade, é detido e trasladado ao cárcere dun cuartel compostelano o 21 de xullo de 1937, tan só tres días despois do levantamento fascista. Uns meses despois da súa detención é obrigado a combater no fronte do lado dos sublevados.

Os tres primeiros informes que aparecen no expediente son de data de 20 de outubro de 1936, e os tres son favorables ao mestre, asinados por José Romero Suárez, Delegado Civil de Mazaricos; José Pazos Liñares, párroco de Mazaricos; e de Antonio Nieto Prieto, párroco de Santa María do Campo (Viveiro), quen oficiara o seu matrimonio católico con Eduarda González Núñez. Así mesmo, neste mes de outubro, o mestre redacta un escrito ao reitor da Universidade de Santiago negando as acusacións e solicitándolle que pida informes a destacados persoeiros de Outes: Delegado Civil (Juan Benito Tuñas Paz), Xefe de Posto da Garda Civil (Manuel Morgado), ao médico José Romani, aos párrocos de San Cosme e Róo, ao farmacéutico Arximiro García Cereijo e incluso a un coñecido dereitista (Eugenio Atán Lloréns). Solicita neste escrito que se lle levante a sanción.

O 13 de novembro dese ano de 1936, o Delegado de Orde Pública, Comandante Militar da VIII División, asegura por escrito que a conduta moral pública e privada do mestre é intachable, pero fai constar que este mestre “*votó la candidatura de Izquierda Republicana, a cuyo partido pertenecía, si bien parece ser que esto más bien lo hacía en evitación de arbitrariedades que con los no adeptos cometían los mangoneadores de la política del nefasto Frente Popular*”.

Tamén se pronuncia ao día seguinte o Negociado de 1ª Enseñanza da Universidade, quen expón que “según ficha existente en éste negociado” é de “*filiación política de izquierdas*”, “*actuación ciudadana regular*”, “*actuación dentro de la escuela: buena*”, “*propagandista de izquierdas*”, “*electorero de izquierdas*”, “*muy relacionado con los directivos centrales y locales de izquierda*”.

O mestre insiste en defenderse mediante un novo escrito asinado o 30 de decembro.

Destaca neste expediente a ausencia de sinaturas de veciños e veciñas, a diferenza dos que tratamos nas anteriores entregas. Isto explícase porque o mestre pouco podía facer desde o cárcere, na que se atopaba desde o mesmo inicio do golpe de Estado.

En xaneiro de 1937 a Garda Civil informa sobre este mestre “*militante de la Fracción Política de Izquierda Republicana*”.

Na documentación aparece unha carta manuscrita o 2 de febreiro de 1937, e asinada por Juan J. Goday Enríquez, dirixida ao Secretario da Comisión Provincial de Depuración, Ramón Lamela, que non ten desperdicio pola súa relevancia:

“*Amigo Ramón: Te pongo éstas líneas recordándote lo que habíamos*

hablado en esa, y por si tratan de sorprender tu buena fé. El sujeto en cuestión echa su lengua a paseo por aquí y dice una porción de falcatruadas: que si le direon la seguridad que vovría, y otras muchas cosas más. Y como por otra parte, valiéndose de regalos y amistades, creo consiguió unos informes regulares, incluso alguno com el de un médico de aquí que se dice de derechas, bastante bueno (o informe), tratan con todo eso de desfigurar las cosas y hacer creer lo que no es. Como te decía, y para comprobar la clase de sujeto que es y para convencimiento nuestro, aquí en el sitio donde actuó, sobran toda clase de pruebas y testimonios. Tienes que perdonar te moleste con éstas cosas, y de la rectitud y justicia que siempre te caracterizó, espero te informarás debidamente en todo lo que fuere necesario para obrar en consecuencia. Se llama José Rodríguez Pena. Escuela de Outeiro-Róo. Fdo.: Juan J. Goday Enríquez.”

Efectivamente, este acusador, tiña constancia dalgún dos informes favorables ao mestre, como era o caso do “pai de familia” José Barreiro González ou os dos párrocos.

O 23 de novembro de 1937, a Comisión Depuradora propón que a sanción sexa definitiva coa separación do servizo. O máis destacado neste escrito da Comisión Depuradora é o seguinte: destaca que foi interventor de Izquierda Republicana “*a pesar de que el inculcado lo niega*”, cando en realidade o mestre explica nos descargos que si efectivamente foi interventor, pero sinala que o fixo por petición do médico Manuel Esperante. Polo tanto, a Comisión Depuradora está a mentir cando di “*a pesar de que el inculcado lo*

niega”.

O alcalde Castro Nieto, nun escrito asinado en setembro, destaca que “*fue interventor del candidato republicano Manuel Esperante Caamaño*”.


En 1941, o cura de Corzón (Mazaricos), lugar de nacemento do funcionario, emite un informe favorable e fala da súa “conducta intachable”.

O 23 de marzo de 1942, Heraclio García Noriega, Capitán de Artillería, afirma que: “desde su incorporación a ésta Compañía ha tenido una conducta intachable y ejemplar” e narra as accións bélicas nas que participou o mestre durante o conflito armado.

Pero todo era inútil, e a pesar dun novo intento nese mesmo mes presentando un recurso –por certo, neste escrito con selo de rexistro na Comisión depuradora–, aparece unha nota á marxe manuscrita que pon: “*Denegar el recurso, fué interventor de Izquierda Republicana*”; a pesar dun novo intento, diciamos, o mestre aínda tería que agardar ata o ano seguinte.

Case catro anos despois de que se inhabilitara xa ao mestre, a Comisión Superior Dictaminadora de Expedientes de Depuración determina en data de 23 de abril de 1940 suspensión de emprego e soldo por dous anos con perda das retribucións deixadas de percibir, traslado fóra da provincia con prohibición de solicitar cargos vacantes en cinco anos e inhabilitación para exercer cargos directivos en institucións culturais e de ensinanza.

En outubro de 1943 o Juzgado Superior de Revisiones denega a revisión do expediente.



Documento que dá conta da detención do mestre José Rodríguez Pena.
(Archivo General de la Administración)

LECTURAS RECOMENDADAS

Nunha presa de terra Paco Castro Alvaredo Edicións Laiovento Narrativa, 2013



Nunha presa de terra é unha novela dual na que o protagonista mostra os sentimentos e a capacidade para resistir no presente mentres percorre o seu pasado. Co encerro involuntario e casual de Cándido nunha dependencia da facultade na que traballa, adentrámonos na vida dun rapaz de aldea na comarca do Incio. A porta que se pecha nese cuarto, ábrelle a Cándido os recordos, e así coñecemos parroquias, aldeas, ríos e montes, feiras e festas, traballos no campo, co gando, froiteiras e plantas, a casa labrega do avó e máis tarde a casa nova, a electricidade que por fin chega, a escola e mestra, despois a súa estadía de estudante no seminario de Lugo, e todo un mundo de natureza e traballo duro que conforman a infancia e adolescencia de Cándido.

Mentres gozaba coa lectura de *Nunha presa de terra*, xa nas primeiras páxinas cualifiquei a obra de "pura literatura etnográfica". O autor describe maxistralmente os traballos, os aparellos, a natureza e todos os elementos propios da vida e cultura dunha aldea do interior de Lugo. Pero como non son quen de contradicir a Dario Xoán Cabana, que na contraportada do libro fai unha recomendación deste, teño que dicir que a historia do pasado de Cándido é algo moito máis profundo que a descrición deses elementos étnicos. Aquí Paco fala dende dentro, está dentro de todas e cada unha das accións que relata ata o punto de que identificamos a Paco con Cándido, a Cándido con Paco. Non sabemos canto hai de autobiográfico, pero o autor consegue que se funda o protagonista co seu creador. Paco Castro preséntanos na obra a personaxes que se achegan a nós con familiaridade e que deixan un pouso intenso no lector. O irmán, o avó (moi emotivo o capítulo adicado á súa morte), tíos e primos, por suposto a nai (que é a intelixencia, a fortaleza, o verdadeiro sostén da casa e da familia), e o pai, un personaxe que chega ata o máis fondo. A través do que conta o Cándido neno e adolescente, este pai alcólico que no primeiro provoca carraxe chega a facernos sentir compaixón e tenrura ata emocionarnos cando o autor, xa nas páxinas finais, reconcilia os seus sentimentos con fermosas confesións.

Nunha presa de terra é unha novela moi recomendable, porque o exercicio que provoca esa porta que se pecha involuntariamente é a que ao mesmo tempo abre a porta ao pasado, ao interior, a botarnos unha ollada cara a dentro. Coñecemos de onde vimos, sabemos porque somos, entendemos os cambios e actitudes que temos na vida e seguramente estar "pechado", nada máis que con nós mesmos, axuda a ter recordos esquecidos, a recoñecernos no noso pasado e é aquí cando xa podemos engadir o futuro.

Lidia Vicente

GASTRONOMÍA

“Banoffee pie” (torta de toffee e plátano)

Receita de Inés Sánchez

É unha receita moi popular en Reino Unido. Un postre que ademais podedes preparar o día anterior se queredes sorprender a alguén, pero tendo en conta que a nata non vos aguantará moito na neveira.

Ingredientes:

1 rulo de galletas tipo digestive.
175 gr. de manteiga.
1 ½ botes de doce de leite.
400 gr. de nata para montar.
Plátanos.
3 culleradiñas de azucre.
Lascas de chocolate.

Elaboración:

O primeiro é montar a nata. Antes de empezar a montala deberá estar moi fría. Poñemos o recipiente no que vaiamos facela tamén na neveira un pouco antes para asegurarnos que tamén está frío. Case ao final de tela montada engadimos tres culleradiñas de azucre.

Terminamos de bater e metémola na neveira outra vez mentres preparamos a torta.

Trituramos as galletas nun recipiente e mesturámolas coa manteiga derretida ata que se forme unha masa.

Volcamos a un molde desmontable, esmagámola cunha culler para que quede ben compacta e repartida uniformemente.

Poñemos unha capa de plátanos cortados ata cubrir a base de galletas.

Enriba poñemos a capa de doce de leite, que cubra os plátanos.

Por último engadimos a nata, repartímola cunha espátula ou cunha culler... e esparexemos lascas de chocolate. Se non tedes lascas podedes usar cacao en po ou fideos de chocolate.

Metemos na neveira ata o intre de servir.



Unha volta polo extraradio

Pensándoo ben xa non sabe un que escribir, dado que a actualidade está tan de moda e que non cambia tan rápido coma as novas, pois cando esta páxina saia aínda estará "actual"... Hai tantos paus en que escoller, corrupción por aquí e por acolá, enchufismos, tapadillos, que curas, Papas con boas ideas, mais curas xordos que son os peores... A quen?, A min?... Toleaches!! Non hai un día no que non sintamos vergonza allea, pois sempre o mesmo e en todos os medios. Política barata con políticos mediocres, todo xunto: que temos?...

Un día calquera nunha folla de periódico -calquera- que se a Sra. "X" vai ou non vai ao cárcere para facer ganchillo e punto de cruz, cuns bailoteos entre medias, pois non hai por que aburrirose tendo tantas habilidades... de pena!

O fanfarrón de "Fabrichio", con máis pinta de mafioso que de outra cousa, aínda toma a chiste o de ir para o cárcere, pois parece que non vai, pero que se vai, a ver con que cara de chuliño se aferra aos barrotes o señorito?


Mais!! Con la Iglesia hemos topado!!, pois resúltame curioso que veña agora Raxoy con maletín impecable darlle a boanova -xa foi Nadal- dos 17 millóns de euros para a Catedral. Nin que estivese en ruínas e caendo a cachos! E a pagar todos pois os curas non teñen cartos nin propiedades (recorda a cando D. Manuel chegaba cos maletíns de cartos na época do Prestige)... Cousas miñas! Coa pasta que movía o "pardillo" do electricista que nin se enteraban ou ían todos a medias ata que se desatou o pastel, quen sabe o carto que quedou nesas mans finas cheas de bondade 40 minutos ao días durante as homilías e despois tata-rata... O negocio é o negocio!... Retomando estas últimas verbas coas que se expresou o Papa Francisco en relación a ese negocio montado, en referencia a que algunhas parroquias se converteran en casas de negocio e que fagan pagar por celebrar sacramentos como vodas ou bautizos en homilías en misas matutinas... E segue dicindo o Papa: "Cuántas veces entramos en una iglesia y hemos visto la lista de precios, bautismo, bendición, y el pueblo se escandaliza. Hay dos cosas que el pueblo de Dios no puede perdonar: a un sacerdote apegado al dinero y a un sacerdote que maltrata a la gente", e que ande en coches de luxo ano tras ano, e pedindo e pedindo sen ter en conta a situación tan trágica que estamos pasando nestes tempos difíciles.

Malos tempos para os "enviados", entre casos de pederastia, mafia de faldas, tejemanejes ás agachadas do que tanto saben, e o propio Papa meténdose de cheo, xa que non se fía nin un pelo de toda esta camarilla do máis propio estilo "Roucoquesco"...

Acabamos con outra de circo, pois dende os "paiaños da tele", os xenuíños e que tan bos recordos nos traen a todos, pasamos o do día a día, co pequeno Nikolástig, que xa non medra máis o pobre porque xa non ten moito para onde ir. Un figurita que mamou das xuventudes do PP, acunárono pechito con pechito, e mira que "lamparilla" lles saíu. Fala que fala e entre foto e selfie, facendo "marca España". Falta a moneca Chochona!!

Lusco e Fusco

ASÍ NON



Búscase pantalán desaparecido sen deixar rastro.
Rógase calquera información útil. Recompensarase!

ASÍ TAMPOUCO



Silveiral no casco urbano. Vergonza ningunha tanto do dono da leira como das autoridades locais.
Moi ben, moi ben!

NIN DE COÑA



Outes, un concello con cartos nos bancos, e do resto... ¿qué?.
Galicia Calidade!.

Orzamentos sanitarios 2015: Sempre perden @s mesm@s

Dr. José Mª Dios Diz

Antes da chegada de Feijoo á Xunta, a débeda pública da nosa Comunidade era de 3.900 millóns de euros. A día de hoxe está en 10.000 millóns... Como se explica? A clave está na privatización dos servizos públicos. Éncheselles a boca ao dicir que "o privado é mellor..." e o que fan é: non invertir no público, deterioralo e logo poñer iso como xustificación de que temos que privatizalo. Ao final, como vemos, é moito máis caro, e enriquece a uns cantos (normalmente cercanos ao poder político do PP-PSOE).

Galicia destina 1.228 euros por persoa a gasto sanitario este ano 2014 (no 2010 foi de 1.333 euros). Como vemos o aumento por persoa, que si se produciu en España, non se reflicte en Galicia.

Analizando os Orzamentos do ano 2015 para Sanidade e Servizos Sociais, vemos que destinan menos diñeiro para os programas de vacinación (diminúe nun 4,11%), de prevención de enfermidades de transmisión (diminúe nun 18%), de epidemioloxía (un 18% menos), de prevención da saúde, de coordinación de calidade e sanidade pública, de investigación e formación e para retribucións básicas do persoal. O de prevención de drogas, diminúe nun 2,99% (tamén cae, nun 3%, a subvención para prevención de drogodependencias relacionadas co VIH e nun 2,99% as axudas ás asociacións dedicadas a drogodependentes, Alzheimer, autismo e enfermidades mentais) e baixa nun 7,06% o de loita contra as drogodependencias. Na lista dos recortes denunciados, figura ademais o da limpeza hospitalaria, cun 2,54% menos que o ano pasado.

En troques, os gastos en "asesores" (da nada): xente vinculada ao PP (e no seu caso ao PSOE), cuns soldos elevados e nomeados a dedo polos que mandan actualmente e que non teñen ningún tipo de responsabilidade -e, ás veces, nin se reúnen-, pois ben: aumenta nun 4%...

Caen ademais nun 7% as retribucións básicas do persoal funcionario, innovación e xestión pública; a partida para a tarxeta sanitaria recórtase nun 18% "mientras aumenta el gasto para los usuarios que pagan 10 euros por la tarjeta extraviada".

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) denuncia que a ampliación do Hospital do Salnés e da construción dos novos Centros de Saúde en Galicia, está en mans da multinacional COFELY, inmersa no proceso actual de investigación xudicial por corrupción (Operación Púnica): debería estar rematado en decembro do 2013 e segue a demora. Nos orzamentos do 2015 da Xunta, non aparece ningunha partida para cubrir o 20% do custo que lle corresponde a Galicia. A Unión Europea exige a finalización antes de

decembro do 2015, o que indica que está en risco de producirse a desfeita (son de fondos FEDER). O presidente Feijoo debe explicar por qué adxudicou a esta empresa da sanidade privada, vinculada ao capital risco, estes proxectos.

Outro tema escandaloso é o que denuncia a CIG: que a Consellaría de Sanidade destina 228.600 euros a contratar cunha empresa privada, para impartir cursos de formación aos profesionais do SERGAS. O Sindicato denuncia que ata o de agora iso se fixo a través da Fundación Pública Formación Sanitaria (FEGAS).

Se temos en conta que a nivel mundial o 1 por cento da poboación atesoura o 48% da riqueza do planeta (segundo OXFAM): a fortuna das 85 persoas máis ricas do mundo equivale á metade de pobres da humanidade (3.500 millóns de persoas). E o patrimonio dos ricos non para de Medrar... Os gobernos deberían estar para favorecer os máis necesitados e facer políticas que axuden a diminuír a diferenza entre os máis ricos e os máis pobres, pero en Galicia, cos orzamentos actuais, os máis desfavorecidos seguen sendo os de sempre.

Non é de recibo que a espera media para operarse nos hospitais do SERGAS suba a 81,5 días, ao peche do terceiro trimestre do ano 2014.

Actualmente 137.846 pacientes esperan por unha primeira consulta de enfermidade.

Si temos que dicir en favor da Consellaría de Sanidade, e contando co compromiso dos traballadores, que a implantación das vías rápidas: en cancro de pulmón,

cancro colorrectal, cancro de próstata, cancro de vexiga, melanoma, etc. si se adiantou na atención a estes pacientes. Tamén coa implantación da consulta telefónica e da consulta electrónica, facilitóuselles aos pacientes a súa atención.

Galicia terminou o ano 2013 con máis de 18.000 dependentes sen axudas en activo. Non están recibindo atencións con cargo a á Lei de Dependencia pese a contar co informe final que recoñece o seu dereito a determinados servizos ou prestacións previstos na Lei.

Temos que ter en conta que, segundo informa a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos (CESM), os médicos españois perderon un 35% do seu poder adquisitivo entre os anos 2010 e 2012. Pese a este esforzo, a calidade percibida polos cidadáns non diminuíu e o sistema sanitario segue a ser considerado un dos mellores do mundo.

En fin, que temos que ter moi en conta o sentido do noso voto cando toque, e temos que botar@s antes de que acaben con todo o Sistema Sanitario Público e sexa irreversible volver ao nivel de calidade de anos anteriores.



**IX^{as} XORNADAS
de
INFORMACIÓN
SOCIO-SANITARIA
Outes 2014 - 2015**

CONFERENCIAS - COLOQUIO

O último XOVES de cada mes

ÁS 18:30 HORAS

NO CENTRO SOCIAL

Organiza:

CONCELLO DE OUTES. CENTRO SOCIAL

CENTRO DE SAÚDE

Colabora:

Xerencia de Xestión Integrada
de Santiago



Coordina: Dr. José Dios Diz.

A GASOLINEIRA

O noso convidado pode dicirse que pasou máis de media vida traballando na gasolineira de Paulino Vidal, pois empezou no 1974 (xa estivera seu pai), pouco despois do bacharelato e alongando a estancia uns 34 anos, ata o 2007, cando tivo un "achuchón", e por culpa da saúde rematou o periplo onde foi a súa "casa" tanto tempo. Relata con voz emocionada aqueles anos despachando na tenda de repostos, xunto cos outros compañeiros como Caamaño -amigo para sempre-, Campos, Buján, Cachucho, Juan do Echeru ou Cheche. Aqueles tempos nos que o gasóleo agrícola ía a 3 ptas, e o do coche a 7 e a gasolina a 11 ou 14 ptas e onde se rexistraban as contas diarias a man, non había a tecnoloxía de hoxe en día, esa automatización do traballo era impensable, eran outras formas de traballar.

Engade que sempre lle estivo agradecido ao seu xefe, Sr. Paulino, pois nel tiña o apoio nuns momentos difíciles, como aquela vez por culpa dun partido de volta na Copa (3-2) entre o Cee e o Outes. Eran ben ignorantes os que lle pediran que o botase do traballo (por moita afección polo fútbol que haxa), pois eses ilusos do pobo, con nomes e apelidos coñecidos, eran "os mesmos caciques cativos" que querían que abandonase o concello, mais o Sr. Paulino sempre estivo ao seu lado defendéndoo e valorando positivamente o seu traballo, no que nunca tivo a menor queixa. Outra persoa que o defendeu sen vacilar foi Varela, "Juan de Muxía". Incondicional! A tristura faille recordar que aquel encontro en cuestión non era para pitilo el, pois cambiárase o partido con outro compañeiro, un tal Balsa, arraxando desta maneira pois pitara pola mañá uns de xuvenís en Zás. Tamén hai que dicir que o Cee tiña moi bos xogadores veteranos, incluso algún do Deportivo, cun porteiro -Matupé- que foi o que liara un pouco os acontecementos. Coa mesma, co paso dos anos foi ascendendo e quitando partidos para diante e volvendo todo á normalidade na 3ª división. Tamén asubiu unha final do trofeo Axuntamento de Outes, entre o Outes e Noia, quedando este, afortunadamente, na casa.



Entrevista a Manuel Martínez Brión

Como convidado deste número de *Terra de Outes* quixemos elixir por unanimidade a un persoeiro coñecido e querido por todos os outenses, pois foi o máximo expoñente desa raza de xente que lle metía valor á hora de formar parte dun "trío" arbitral neses memorables partidos de fútbol, e non nos referimos a outro máis que a Manuel Martínez Brión, "Brión" para todos. Ademais do mundo do fútbol, tamén a quen non lle ten posto gasolina no coche, como empregado na estación de servizo. Sexa por unha cousa ou por outra, fíxose un oco nos nosos recordos.

Brión naceu no concello de Outes, no Freixo, no lugar de Siavo no 1952, e foi o único fillo de Cepriana de Brión, aínda que leva moitos anos facendo vida en Esteiro, empezou no mundillo do deporte rei como auxiliar de árbitro alá pola temporada 1979-80, e recórdao con plena lucidez, pois esgotada a temporada chimpára dúas categorías de golpe e pasou así a Primeira Rexional. Repunta que foi un caso illado porque había que estar dous anos en cada categoría, aínda que pesaron máis a súa preparación física e mais a profesionalidade que demostraba á hora de aplicar o regulamento en cada contenda, co que deixaron os informantes do colexio de árbitros, poñendo todo iso de manifesto e en consideración o ascenso. **Como titular do número un de toda Galicia pasou de Terceira División a Segunda B e como colofón puxo pé nos grandes estadios nacionais. Aínda nestes tempos no Colexio de Árbitros de Santiago seguen recordando o meteórico ascenso de Brión,** pasado das categorías inferiores ata que o tamén colexiado moi recoñecido neses tempos quixo facelo

partícipe do corpo de xuíces de liña, e non foi outro que D. Raúl García de Loza, e máis tarde con López de la Fuente.

Daqueles tempos recorda con mimo ademais das moitas fotos que loce no comedor da súa casa, os latexos que lle seguen alegrando na súa cabeza. Aqueles futbolistas de primeira liña como Maradona, Ronaldo, Schuster ou Fernando Hierro, Butragueño e el sinalando as infracción a golpe de bandeirín durante uns catro anos, empapándose do griterío, bancada, emocións encontradas nos campos da mellor Liga do mundo, como acabaron bautizando a Primeira División. Todo un espectáculo!! Mais todo isto quedou atrás cando lle chegaron os 45 anos, aínda que non o deixou de todo, arbitrando algúns que outros partidos nos fins de semana, entre veteranos e 2ª ou 3ª Rexional, pois había pouco número de xuíces e era unha laboura moi sacrificada!

E no seu caso máis sacrificada pois tiña que compaxinar a súa paixón futbolera co seu traballo diario na gasolineira



da Serra (1974), explicando que tiña que facer combinacións cos compañeiros, ademais da complicidade do xefe Sr. Paulino, pois acordaran que en vez das vacacións de lei, el podía desprazarse aos campos sen maior problema.

Entre moitas anécdotas venlle á mente, cando lle tiraran laranxas nun partido en Valencia, ou pepinillos en Alicante. Onde di que o pasou bastante mal foi nun encontro entre Málaga e Atlético de Madrid no estadio da Rosaleda, cando os estaban esperando á saída máis de 2.000 persoas para agredilos. Con todo foi a mesma policía a que os acercou ao aeroporto. O desencadeante das ameazas, recorda que foi un penalti a favor do Atlético Madrid no último minuto e a expulsión de dous xogadores do Málaga. Case nada!!

Casado en Esteiro con Maruja, teñen catro fillos, dúas mulleres xemelgas, Mónica e Laura, e dous homes, Churi e Jorge, aínda que só este último andou rondándolle o mesmo mundillo que o embelesou de mozo, aínda que non foi a máis pola imposibilidade de compaxinar unha afección co mundo laboral, pois traballa na hostelería en Canarias.

Tamén lembra que no verán do 2010, cando tivo lugar a inauguración do campo de fútbol de Esteiro aproveitaron a ocasión para renderlle unha merecida homenaxe e recoñecemento á súa traxectoria no mundo do fútbol, xunto co que xogara no Esteirana e acabara no Deportivo da Coruña, o xa finado naquel momento Xosé Luis Vara.

Reseña a anécdota que propiciou a súa ligazón a Raúl García de Loza, que por motivos laborais na Telefónica, veu dar á Serra, e casualidades da vida, preguntoulle na gasoleira se había

un sitio para comer e pasar a noite, e coa mesma mandouno á de Feliciano Vives. Xa no establecemento en medio dunha charla con este sobre fútbol, Feliciano recalcoulle a García de Loza que tiñamos un árbitro “moi bo no pueblo” que se chamaba Brión e por que non o levas contigo algunha vez?... Dito e feito, pois o Domingo seguinte estaba de liña con el, un Betis-Barcelona televisado. Case nada!! Andou intermitente con G. de Loza, pero os dous últimos ata que se xubilou estivo de linier nº 1.

Acabou a andaina polos campos de primeira con López de la Fuente aos 45 anos, pois era a idade límite para exercer.

Non quería concluír esta agradábel conversa co noso convidado, mais fágoo cunha frase súa: “A arbitrase é para moitos un labor ingrato, pero eu volvería selo”.

Un pracer, unha aperta e adiante!!

Baixo a portería

Comezou defendendo a portería do Outes F.C. estando na escola de Canay, e mais despois cursando o bacharelato no Virxe do Mar de Noia, cando aínda se xogaba no Campo do Bosque, pero como nos conta, daquela estaba o equipo sen federar, e xogaban contra todos os da bisbarra, o Xallas, Boiro, e “ventilabámoslos”, pois tiñamos moi bo equipo: Brión, Monxo, Cartagena, Andrés, Nolete, Paco do Carracho, Calo, Segundo, Manolito, Chicho, Freixáns, Edelmiro ou Juan do Veleiro entre outros. Estaba como adestrador “Tuñas o veterinario” e despois con D. Jaime o Cura de Tal, noutra hora tamén xogador do Outes, cando ganaran o trofeo “Unión y el Fenix” en Noia no San Alberto, contra o Esteiro, mais con todo, foi dos días mais tristes, pois debido a unha parada, levou un forte golpe no costado, e posteriormente acarreoulle a perda dun ril (Maruja cre que aínda o conserva).

Despois, mediante intención de Quincolo don Pepe, pasou pola Clínica do Deportivo, na Coruña para mellor seguimento da lesión.

Tras o fatídico percance, deixou a portería e empezou a arbitrar algún que outro partido, mais un día na Serra, no trofeo de San Cristóbal, un “Outes-Muros”, xente a rebosar, ¡¡máis de mil persoas!!, e arbitrou o partido. O que son as cousas, pasou por alí un “árbitro de verdade”, un tal Barcala, casualidades, que cando chegou ao Colexio a Santiago deu fe de todo o que vira naquel “aficionado aprendiz de árbitro” coñecido como Brión. Despois disto ofrecéronlle a oportunidade de colexiarse e aí empezou a súa andaina como árbitro.



De Santiago ao Santuario dos Milagres de Amil (45 kms)

Xastre

No pasado 11 de outubro emprendemos outro episodio máis dos “Camiños Alternativos” que vos vimos relatando número tras número na revista *Terra de Outes*.

Neste periplo, un dos nosos compañeiros insistiu en que había que deixar claro esta singular quilometraxe de compañeirismo e bo feeling, pero ademais diso a fermosura da paixase ata o seu ¡finito! e que deberíamos bautizala. Seguimos buscando un nome axeitado...

Aproximadamente sobre as 7.30 da mañá saímos dente Outeiro do Castiñeiríño, por estrada cara a San Sadurníño. Alí desvíamonos polas pistas do monte para baixar a Lamas, e despois seguir a GR-94. Pasamos por A Insua e Santa María de Luou, cara a Raxeira e Chan do Pouso, onde deixamos a GR-94 para ir por Rial do Mato, Sande e Sinde ata a ponte de Sinde sobre o Ulla.

Fomos estreitando a ecuación espazo-tempo, aínda que nesas horas non tiña despegado de todo o día, mais entre a penumbra Manu, Lolo, Marco, Ermi, Carmina e mais eu, andabamos sorteando o paso entre as pedras como quen espera levar un bo susto.

Nos primeiros momentos xa nos percatamos de que o "encargado" de levar o pan o esquecera na casa, outro xa ía sen gorra, e algún sen tomar nin un mísero café quente para coller folgos; en fin, non é como empeza... O do pan tivo fácil arranxo, pois uns kms. despois botámonos diante dunha furgoneta en plan James Bond, e unha chica toda maquillada despachounos moi amablemente, deixando resolto o problema alimenticio, mais dicir que non atopamos nin unha soa panadería en todo o traxecto... é de pena! Máis complicado o tivemos co café, e cruzando Cimadevila, unha señoriña ofreceunos café, e de seguido pasamos pola igrexa de S. Miguel de Barcala. En Souto abandonamos a estrada para subir pola pista ata a ermida de San Xoán, onde un tramo de 500 m. pola estrada condúcenos a outra pista que, bordeando o Monte Xesteiras polo oeste, lévanos a As Brañas, onde cruzamos a estrada que vai a Requián. Seguimos ata A Braña, onde cruzamos a estrada que leva a Magán para seguir pola pista que nos leva á estrada que pasa por A Igrexa, punto onde estaba o único bar aberto de todo o recorrido ata ese momento (Bar o Stop). Parada e fonda.

Cen metros máis abaixo deixamos a estrada para coller a pista que nos leva á Cruz do Coto e San Ildefonso, onde terminan as pistas e camiños de terra.

Pasamos por O Sequelo, Pano de Vilabar, Vilabar de Abaixo e cruzamos o Río Umia pola ponte vella, chegando a Santa Lucía de Moraña. Seguimos pola estrada que vai a Campo Lameiro, pasando por Alende, A Espedregueira. Antes de chegar a Soar, abandonamos a estrada para seguir por pistas asfaltadas, pasando preto do Pazo da Buzaca, Cosoirado, Cartamil, Torre de Arriba ata enlazar coa estrada no Outeiro, momento en que se empezou a oír a misa do Santuario. Pasamos pola fonte e igrexa de San Mamede. A chegada xa máis relaxada, levounos cara ao Santuario que ten o acceso tras un par de columnas de pedra delimitando a finca, coa ermida ao fondo arroupada entre carballos centenarios. O edificio en si chama a atención, pois é de estilo neoclásico, nada corrente en Galicia, e ademais ten unha planta octogonal, e co interior circular, con dous balcóns a cada lado, a onde accede a xente por unhas escaleiras. O recinto non é moi amplo, coa imaxe da Virxe ao fondo, e onde o ritual de pasar por detrás da Santa recorda o abrazo

ao Apóstolo Santiago, xa que entras, bicas e baixas, tendo en todo momento fileiras de xente para as ofrendas. Nótase que está ben coidada e curiosa, non como tantas que andan espalladas pola xeografía esperando a que toque a lotería para amañalas, ou que aporten os feligreses, no mellor dos casos.

*Artigo compartido con Marco.



Fénix de metal e madeira laqueada: o Byodoin

Manuel do Río

“Cual nueva Fénix en flamantes plumas matutinos del Sol rayos vestida”
Luis de Góngora, *Soledad Primera*

Atópase a vila xaponesa de Uji ás aforas de Kioto, antiga capital imperial, e xunto con ela, repositorio dunha serie de ruínas, templos e castelos incluídos baixo o epígrafe “Historic Monuments of Ancient Kyoto (Kyoto, Uji and Otsu)” na listaxe do Patrimonio Mundial da Humanidade, da Unesco, facendo compañía entre outras á catedral de Santiago ou á Torre de Hércules. A distancia que media coa vella capital é mínima, e leva a día de hoxe uns quince minutos en tren; porén, nas idades anteriores aos coches e ferrocarrís, naquela época de esplendor cortesán e poético que tan ben recrea Murasaki Shikibu na súa novela de *Genji*, Uji era un sitio tenebroso e escasamente poboado das aforas ao que levaba unha boa xornada de marcha de a cabalo chegar; un escenario lúgubre e telón de fondo para a parte máis tristeira da súa novela, cos amoríos fracasados de *Ukifune* e o seu suicido frustrado nas augas do impetuoso río que aínda lle dá nome ao lugar. O Uji segue a correr, cabalo salvaxe de escumas abondosas, baixo unha ponte reconstruída, e a cidade a medrar. Tras unha pequena marcha dende o río chégase ao seu monumento máis sinalado: o Byodoin.

Construíndo na época de esplendor cultural e cortesán de Heian (794-1185), o Byodoin realmente naceu como mansión campestre e aristocrática. Poucos anos despois da súa construción pasaría a mans de *Fujiwara Michinaga*, o máis senlleiro representante dunha dinastía de políticos e rexentes que nos comezos do primeiro milenio conseguiran facerse co poder político no Xapón, reducindo aos emperadores a figuras decorativas e facendo de xenerosos mecenas das artes e das letras. O pouco modesto Michinaga tería oportunidade de congratularse da súa florecente fortuna en versos tan fachendosos coma os seguintes: “Este mundo noso, penso, / é de certo o meu mundo. / Como a lúa chea, alumeo / sen que me tape nube ningunha”.

Será o seu fillo, *Yorimichi*, o que done a vila a unha orde relixiosa, converténdoa nun templo que, grazas a unha singular fortuna émula da de Michinaga, é o único edificio orixinal do período de Heian que (restauracións á parte) se conserva intacto a día de hoxe, sobre todo no que toca á súa edificación principal: o *Salón do Fénix* (鳳凰堂 Hōō-dō), ou de Amida, construído en 1053, e recentemente restaurado polo goberno nipón para revivir as súas cores exteriores e o seu esplendor.

O Salón do Fénix está composto por unha estrutura rectangular e central escoltada por dous corredores laterais en forma de L e un traseiro, en forma de cola; diante presenta unha enorme lagoa

artificial. O seu nome informal de 'Salón do Fénix' derivaría da parella de estatuas douradas desta ave mitolóxica que decoran o tellado da construción ou da forma mesma do edificio, que coas súas edificacións laterais e traseira asemellárase á figura dun fénix coas ás estendidas.

Dentro do edificio topamos unha xigantesca estatua do Buda Amida, a cuxa secta e culto está adicado o templo que nos ocupa. O culto a Amida promete, fronte a outras formas máis rigoristas de budismo, unha salvación directa e sinxela para os seus devotos, que cando morran serán escoltados por Amida cara á Terra Pura de Occidente. Tal é a escena (*raigo*, en xaponés) que, nunha sorte de retábulo, representa a estatua dourada do Byodoin: de case tres metros de altura e tallada polo mestre *Jocho* en madeira de ciprés xaponés (*cryptomeria*), o Buda repousa sobre un trono de loto e está envolto en chamas de ourivería con imaxes de



apsaras e boddhisatvas. Nas paredes de fondo habería pinturas (hoxe apenas conservadas, aínda que no museo se poden ver reconstrucións) e estatuas de madeira coas deidades celestes que tocan instrumentos e acompañan a Amida no seu descenso pola alma do finado.

Para todos aqueles que viaxedes non á Terra Pura senón ao sorprendente e fermoso país do sol nacente, o Byodoin é unha parada obrigada que non vos debedes perder. Máxime tras a restauración recente que vos citaba denantes, e que lle permite a esta ave fénix de metal e madeira laqueada lucir como nova do trinque. No parque que ten diante pechade os ollos e imaxínade por uns intreos que o sol a dissolve, ou desata, en cinzas, con raios cos que ela mesma volve refacerse e vestirse, máis fermosa e refulxente ca antes.

Día das Letras Galegas para Pepe Agrelo

Manuel Abelleira Antelo · Soledad Perol Riveiro

.Esperamos que o importante legado que deixou Xosé Agrelo sexa valorado pola Academia Galega

Pedíronnos que fixésemos unha lembranza de Xosé Agrelo para a revista *Terra de Outes*. A nosa opinión pode ser considerada partidista como promotores da campaña que estamos a realizar para que no seu momento a Academia Galega lle conceda no ano 2017 o día das Letras Galegas; por iso, antes de nada, imos facer constar algunhas manifestacións de persoas que o coñeceron ben nos diversos ámbitos de actuación.

- Méndez Ferrín: *"Traballador infatigábel da cultura, Xosé Agrelo entendía esta como servizo directo ao pobo, en termos maoístas. Teatro para a vila, para a aldea, para o proletariado, para as masas, era o que el escribía e o que el representaba doutros autores. Aínda que Xosé Agrelo foi un autor prolífico noutros xéneros literarios, foi no dramático no que o seu xenio se manifestou de forma protagonista."*
- Xosé M. Beiras: *"Xosé Agrelo Hermo, mestre amigo, da caste dos bos e xenerosos, dos que levan na fronte unha estrela e no bico un cantar"*.
- Víctor Fábregas: *"El, O Mestre (así, con maiúsculas), co seu traballo abnegado e desinteresado, só levado da súa vocación docente, abriunos as portas da ilusión a moitos nenos e nenas"*.
- Santiago Nieto Romarís: *"Teatro, escola, libros, charlas... era o auténtico tótem-local, a personaxe perfecta da que todos botabamos man para enriquecer unha programación cultural. O home que nunca negaba a súa presenza nos actos aos que se convidaba. ... Altruista por defecto, nos tempos da materialización da cultura, onde o raro é atopar xente que se mova por ideais ... Agrelo mostrouse sempre disposto a colaborar e levar adiante ideas e empresa, sen contar coa repercusión económica que ía supoñer"*.
- Pablo Núñez: *"Xosé Agrelo, actor, director, fundador de grupos e autor, facendo un teatro limpo, directo, con escasos medios materiais pero con moitos recursos humanos, fuxindo de modas e tecnicismos, un teatro como el o quería e concibía, un teatro do pobo e para o pobo, doado de entender, que o mesmo tempo que entretén, leva mensaxe, fai cavilar"*.
- Pilar Sampetro: *"Dinamizador cultural e educativo, era un referente en toda a zona e que nunca dicía que non a calquera proposta con algo de base. Un home querido por moitos de diferentes signos ideolóxicos, un home que se facía querer"*.
- Francisco Rodríguez: *"Agrelo, sabedor do poder incisivo do teatro, utilizouno sabiamente, con esforzo artístico, como ferramenta popular. Era un teatro feito cunha grande dose de coñecemento da sociedade galega"*.



- Euloxio Ruibal: *"O talento único que Pepe tiña para interpretar, dirixir e escribir teatro pódese comprobar en "O triángulo escaleno" onde mestura factores como son a comedia amorosa e o drama nun texto no que fai unha crítica á Igrexa máis tradicional pero sen ser aceda, con humor e moderación para que os espectadores ou lectores saquen as súas propias conclusións"*.
- Xosé Luís García Fernández: *"Dicía outro noiés de rango e batuta, Antón Avilés de Taramancos: "Non son un home: ¡son un pobo/ e ninguén me pode domear!". Agrelo Hermo foi ese home de transcendencias que pensou máis no colectivo da nosa Nación que nas cousas individuais dun domesticado. Múltiples referentes avalan o seu quefacer de dimensións en tempos de asoballo. Agrelo propiciou espazos de liberdade. O teatro como expresión: dador de refuxios da palabra ferida e secuestrada para ceibarse do prohibido. E foi así como percorreu a xeografía galega coa representación de Noite de lobos. Un teatro pedagóxico e capaz de instaurar un pensamento político e belixerante"*.

Se botamos man das hemerotecas os comentarios seguen a mesma liña. Foi Agrelo unha figura destacada no campo das

letras galegas, de forma especial no teatro, pero el escribía as obras de teatro pensando non no lucimento persoal, senón que sabedor como era do poder incisivo do teatro, utilizouno sabiamente como ferramenta popular e como unha forma de normalizar o galego entre o pobo dunha forma axeitada.

MERECEDOR DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

COMO OS TAMÉN NOIESES AVILÉS E MARÍA MARIÑO

Xosé Agrelo, Antón Avilés de Taramancos e María Mariño, os tres naceron na vila mariñeira de Noia. Aos dous últimos adicóuselle o Día das Letras Galegas, con méritos máis que suficientes.

Non menos merecedor e importante consideramos que é o legado que nos deixou Xosé Agrelo e parécenos de xustiza que sexa valorado pola Real Academia Galega.

A vida e a obra de Agrelo nútrese do viveiro popular, pero sen convertelo en dócil intérprete da masa, todo o contrario, utilizou o teatro como ferramenta popular para a normalización da lingua galega na súa dobre vertente campesiña e mariñeira. Poucas veces o home e o artista se terán mostrado en tan equilibrada alianza.

Foi Agrelo un motor poderoso que estivo sempre na brecha polo ben dos demais e porque era no que cría. Podemos aplicar aquí o que escribiu o poeta francés Paul Valéry, "Un home que xamais intentase facerse semellante aos deuses é menos que un home". Agrelo naceu con esta gran lección aprendida pero nunca lle impediu facer da xenerosidade un culto e da sinxeleza un rito.

Era un home que deixaba a súa marca en todo o que facía. Así, no teatro, outra das súas paixóns, incorporou elementos da cultura tradicional, da literatura e das artes visuais.

Xosé Agrelo foi unha das máis firmes e inquedas personalidades do noso país galego. Proclamou sempre as súas ideas con sabedoría, valor e altruísmo, definiu os seus principios e expresou as súas intencións para non enganar a ninguén, nin amigos nin inimigos. De aí que sempre indo coa verdade por diante non se lle coñeceron adversarios. Nunca perdeu a fe nunha democracia verdadeira no noso país con absoluto respecto á dignidade do home nun réxime de xustiza social e liberdades.

"Se se dubida da raza, que confianza queda no resto da vida?", preguntábase Otero Pedraio. Agrelo sempre confiou

na raza como un dos principais elementos cos que o nacionalismo constrúe o seu espazo mítico e emocional, pero non era un racista excluínte, fanático, intolerante. Confiaba no pobo galego e recoñecía o dereito á autodeterminación. Reafirmábase nos valores nacionais de Galicia dende o punto de vista histórico e a defensa da lingua e cultura galega. As súas ideas en favor das clases populares foron o xerme na súa obra literaria. Aspiraba a que todo o pobo se mantivese unido, proxectando o desenvolvemento cultural e socioeconómico de Galicia.


Como persoa, Pepe Agrelo non só era bo e xeneroso con todos, coa súa familia, cos seus amigos, cos seus alumnos, aos que lles inculcou o orgullo do traballo ben feito e o amor por Galicia, senón que tiña un carácter harmonioso, sen impoñer nunca nada todos o escoitaban e seguían as súas indicacións e consellos. Un home afable dun saber enciclopédico que transmitía con sinxeleza e claridade.

Agrelo, dende a perspectiva de mestre, político e escritor "comprometido" coas máis urxentes realidades do país galego ofrécenos un exemplo a imitar e unha táctica a seguir. Galicia é un país non soamente porque os seus habitantes teñan unha lingua e unha cultura propias. A nacionalidade galega encrávase tamén noutras poderosas realidades: interesar ao pobo galego, é dicir, a Galicia, na tarefa emancipadora que en todos os terreos da actividade debe exercerse.

SENTÍASE UN OUTENSE MÁIS

Agrelo estivo moi vinculado ao Concello de Outes, comezou polos anos 60 cando foi destinado como mestre. Máis tarde, acompañado nesta ocasión polo grupo teatral Candeia, colaborou cos veciños axudándolle a obter fondos para a construción dunha nova capela. Participou así mesmo na homenaxe que lle foi rendida ao pintor local Arximiro Suárez, así como na presentación do libro de poemas *Orfeu en soños*, de Ramón Blanco.

Tamén como director da Editorial Toxosoutos colaborou activamente nas peticións que se lle facían e ás que nunca se negaba. Foi un outense máis onde sempre se sentiu a gusto e os veciños considerábano un parente achegado. É verdade que os homes de ben nunca morren, os seus nobres exemplos sempre teñen continuidade.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Benedicta do Cociñeiro

Mingucho Campos

*“Yo trabajo y trabajo.
Debo sustituir tantos olvidos,
llenar de pan las tinieblas,
fundar otra vez la esperanza”.*
(Pablo Neruda)

Benedicta Blanco Romero naceu no lugar de Cando no ano 1913 (2666 en *Ab urbi condita* de Tito Livio). Aquele 1913, segundo o calendario gregoriano, foi un ano normal que principiou nun mércores, día no que se anunciaba a dimisión do xefe do Partido Conservador, Antonio Maura. En Cando deu Benedicta os seus primeiros pasos e recibiu a formación escolar ao uso naqueles tempos prorrogada, iso si, polo influxo protector do seu padriño, un militar apodado o “Carabinero”, até ter cumpridos os trece anos.

No ano 1926 ao deixa-la escola troca o fogar materno por outro de acollida en Orro. Benedicta era a quinta dos trece fillos que tivera o matrimonio Blanco-Romero. Había que valer-se de algo que puidese servir de amparo ou protección para os intereses que os proxenitores pretendían, que non eran outros que o mellor benestar posible para tan numerosa prole. En Orro, na casa de Basilio, o avó do panadeiro Basilio de Ponte Nafonso, que seguindo o curso da vida se transformaría no baile de Camilo, transcorreron exercendo de criada tres anos da vida de Benedicta.

Cumpridos os dezaseis anos prosegue a súa vida laboral na Serra de Outes, no establecemento de Manuel Pérez e Amalia Villaverde, coñecida como “Casa do Viro”; daquela, casa de comidas, taberna, fonda e cortadoría (a primeira da localidade nesta última especialidade) e centro neuráxico da vida social ou da sociedade daquela época na que, avatares da vida, coñece a Manuel Antelo Villar, apodado o “Cociñeiro”, quizabes porque se ocupaba da cociña do negocio, un home que nacera co século e leváballe trece anos de idade, con mundo a fartar, tamén no Porto (Portugal), ás súas costas. Vinte e nove anos de idade non eran moitos para unha persoa naquel tempo, mais estaban moi preto de duplica-los de Benedicta e outorgábanlle ao home unha seguridade no saber estar e unha experiencia nada desbotable.

Comezou a despreparar o “Cociñeiro” as súas dotes de conquistador, prendado da garrida mocidade sen decatarse de que as súas mañas, astucias e estratagemas non pasaban desapercibidas para os ollos observadores da ama protectora, a ama Amalia tan benquerida por Benedicta. Manuel bo cociñeiro érao, pero con Benedicta “moito ollo”, matínaba a señora e, na procura dunha posible solución a aquel enredo, preparou con astucia e slixo o afastamento da parella contactando entón con Pilar do Santolo, de Noia, para buscarlle un lugar de traballo á moza arredada da Serra e das habelencias conquistadoras do avezado galán. Baldío, infrutuoso intento, porque detrás da moza marchou o namorado e foi precisamente alí, en Noia, onde formalizaría as súas relacións a parella.

De volta novamente á Serra e á mesma “Casa do Viro” deciden pasar pola vigaría, trámite ineludible e de estrito cumprimento, no ano 1940 e montar un negocio de seu na casa do “Cartucho”, situada na actual Rúa da Vila na que tivera antes a botica don Argimiro, adicado a venda de carne e fonda de comidas. O día 4 de xaneiro de 1941 reciben a autorización correspondente para a apertura do negocio (cómpre salientar que as matrículas naqueles tempos tan só se adoitaban dar a principios de ano). Extractando o documento reseñamos o que segue: “Venta de carnes en días determinados. Situación: Outes, La Villa. Por no saber leer, Santiago Castro”. Manuel Antelo Villar, o “Cociñeiro”, era analfabeto, non sabía ler nin escribir, por iso asinou a autorización Santiago, coñecido popularmente como “Tucho de Angelito”, pero tiña a universidade da vida tan necesaria naqueles tempos para suplir-las outras carencias. Botaba a andar deste xeito un establecemento público

modesto, de servizo á colectividade, que sería coñecido na contorna como a “Cortadoría de Benedicta do Cociñeiro”, o terceiro en antigüidade no seu ramo no concello de Outes ao que se incorporaba, coa axuda inestimable de Germán, garda civil solteiro, un obradoiro de aluguer e reparación de bicicletas. Hipólito, o sobriño, trasladárase á Serra para aprende-lo oficio de xastre; mais, cousas da vida, o xastre da Carreira tiña unha filla, Dominga, pola que devecía Hipólito. Eran outros tempos e había que procurarlle unha saída a Hipólito, esquecéndose da confección de traxes e por iso se recorreu a Germán para que lle adeprendera o oficio de amañá-las bicis. No ano 1962 a sede deste negocio trasladárase aos inmobles propiedade do Mapa e da Meleira. Mais a andadura daquela tenda de despacho ao público non estivo exenta de atrancos e así o demostra o pleito co chalán propietario do inmovible, o “Cartucho”, que pretendía a súa consideración como socio naquel xa próspero negocio, pleito dilucidado a prol do matrimonio promotor. Inicialmente os animais eran sacrificados e esfolados nos terreos ubicados na parte traseira do inmovible á espera da autorización da Autoridade competente para poder realiza-los traballos nunhas instalacións máis apropiadas e hixiénicas. A autorización chégalle a Manuel Antelo o día 29 de maio de 1943 procedente da Comisaría de Recursos da Zona 8ª dependente do Ministerio de Industria y Comercio. Dicia así: “Con esta fecha, autorizo al Sr. Alcalde de ese Municipio, para



Benedicta e o Cociñeiro

ASESORÍA

Juan Agra

Rúa Areal, s/n - San Ourente
 15230 OUTES - A Coruña
 Tfno./Fax: 981 850 909
 email: juanagra@teleline.es

LABORAL

FISCAL

CONTABLE

SEGUROS



Benedicta e as novas instalacións

que proceda a la apertura de una tabajería a su nombre, para el normal abastecimiento de ese Ayuntamiento". Despois dos correspondentes saúdos ao uso aparece a sinatura delegada do Comisario. Con esta autorización o matadoiro ubicouse nos sotos da casa do concello a carón do Tines e a escasos metros da fonte de Añón. Contextualizando inda máis a nivel local as devanditas datas, a da inauguración do negocio e a da apertura da "tabajería", cómpre reseña-los nomes dos alcaldes nas que durante o seu mandato se teñen producido: Pepe da Boela e Benito Tuñas.

O ano 1956 vai supór unha viraxe importante no labor cotián do negocio familiar. O primeiro acontecemento, feliz, tivera lugar no ano 1942 co nacemento do único fillo do matrimonio Antelo-Blanco, Antonio. O segundo feito, lutuoso, supón a perda do puntal e, asemade, consultor de mágoas e brazo rexo ao que agarrarse, o "Cociñeiro". Benedicta enfrenta a vida como un desafío. Cada día era unha nova andaina que percorrer na que un ser solitario, unha alma que sobrevive á fatalidade é quen de negociar coa perda o saldo vermello da memoria e do sentimento. O óbito deu paso a unha intensa soidade e novamente agromou nela ese estado crebadizo daquela adolescente que principiara uns servizos laborais que a fixeran soñar co triunfo e co escenario dunha vida mellor ca aquela que lle deparara un fogar paterno ateigado de tantas escaseces como necesidades. Aquela baixada ao inferno deixaría "tocada", malferida, mais os alicerces forxados ao longo da súa curta pero intensa vida agromaron: "A vida tiña que continuar". E claro que proseguíu, porque aquel tesón, constancia e



Benedicta

perseveranza mamados na infancia en Cando, e exercitados despois nos destinos laborais contribuíron a afortalar a súa característica firmeza de carácter e unha tenacidade fóra de toda dúbida.

A primeira decisión de Benedicta foi que o fillo abandonase os estudos en Santiago e pasase a colaborar como parte activa no negocio familiar. Con trece anos cumpridos, Antonio, no mes de marzo do ano 1956 asume as tarefas que a súa nai lle encomenda, pero, pola súa curta idade, vai continuar inda Hipólito como encargado de mercar e sacrificalo gando, ao que suplían ocasionalmente Pepe e Alejandro do Viro, e iso foi así sucedéndose no tempo até que Antonio acadou a capacidade para desenvolver por si mesmo os mesteres requeridos como propios da profesión.

Os seareiros abundaban e os xoves de cada semana nos coches do "Riolo" e de "Mayán" ían uns 200 quilos de carne de pucho con destino ás casas de comidas do centro da Picota no que tiñan lugar unhas feiras de gando vacún, cabalar, porcino, etc. cada segundo e cuarto sábado de mes. As casas de comidas de Lola de Relá, Jurjo (o "Burro"), o Tallo, Antonio Suárez e Argimiro, que logo puxo unha cortaduría, eran os destinatarios. Antonio de Rúa, os fillos e David do "Canteiro" de Lourido, que cumprían co oficio de carteiros, tamén aproveitaban o seu percorrido diario en bicicleta para acarrexar lotes de carne a aquela localidade, illada e sempre dependente da Serra. Nunca, endexamais, faltaban ou minguaban os cartos que custaba a carne sempre aboada en reais. Mais, xa que falamos de prezos, eis a mostra dos daqueles tempos:

Carne de primeira.....120 reais/ kg.

Carne de segunda.....100 reais/ kg.

Carne de terceira.....80 reais/ kg.

Curiosamente para a economía actual o prezo das vísceras (fígado, riles, etc.) resultaban desproporcionados ao ser o seu custo moi superior incluso á carne de primeira. Custaba o quilo 200 reais. A cortaduría fiaba, as cartillas nas que se anotaban os produtos estaban ao día e as encargas aboábanse ao mes, ou cando se podía. Os tempos eran duros, de privacións e en moitas ocasións cando se vendía un xato o seu custo xa estaba empeñado e incluso chegaba a ocorrer nalgúns casos que cando un paisano que xa levara a vaca ao boi e se decataba de que ficara empreñada reclamaba parte do prezo que polo "nonnato" becerro ía conseguir. Entre a clientela cómpre lembra-la fidelidade de Manuel, o "Carabinas", do seu fillo Andrés, de Calixto de Pacheca e de Pepe da Cunqueira, que sempre tiñan a ben celebra-lo alboroque das partillas do barco; xunto con Gumersindo do Achero e o seu irmán, o "Neno", aos que lles correspondía decote a encomenda, dada a súa fortaleza innata, da colocación dos "medios" (bocois de viño tinto de 250 litros) no correspondente canteiro disposto ao efecto, nas dependencias do negocio.

Choutando no tempo atopámonos co cambio, amelloramento, ampliación de ofertas e adecuación aos tempos máis actuais do establecemento a un inmovble de tres andares de recente construción ubicado na mesma Rúa da Vila mais mantendo na súa fachada o rótulo: "Benedicta do Cociñeiro". Sucedió este troco no ano 1973 e cinco despois xubilárase Benedicta, continuando co negocio Antonio e a súa dona, Ramona Lourido García, "Moncha de Galteiros". A xubilación concédelle a avantaxe de poder gozar dun novo tempo liberada das preocupacións da trasfega cotiá e do privilexio de poder ocuparse de tres netas: Ita, Pilar e Inés. As súas netiñas, xunto cos labores de toda ama de casa á usanza, van se-las súas únicas preocupacións e ocupacións na Serra até o ano 1986 no que se traslada a Santiago, coidándoas solicitamente durante toda a súa formación universitaria.

De volta ao terruño vai consumindo a súa traxectoria vital adicada aos labores domésticos até un dous de novembro de 2009 no que remata a vida biolóxica, que non a da memoria de Benedicta, a muller do "Cociñeiro". A moitas persoas que a coñeceron e trataron dicir grazas non lles parece suficiente, e con razón. A quen a coñeceu e redacta esta evocación só se lle ocorre dicir: "As persoas máis eficientes e solidarias son as que máis e máis fondas pagadas deixan sempre".

A guerra do poeta Añón (III)

Ramón Blanco

(recordemos que Luzán en su Poética sugería la idea de que la poesía épica debía leerse en los cuarteles para educación de los soldados)

J. M. Blecua, *Atlas de literatura española*

*¡Guerra pues! ¡Guerra al tirano! ¡Gritó unánime la España:/
¡Guerra! sonó la montaña, y guerra murmuró el llano:/ ¡Guerra!
allá el eco lejano// Retumbó de sierra en sierra,/ De suerte que en esta
tierra,/ Desde la choza al palacio,/ Asordaban el espacio:/
¡Maldición, venganza, guerra!!!*

Francisco Añón, estrofas finais de "Al Dos de Mayo"

O dous de maio de 1808 o pobo madrileño rebelouse contra os consentidos ocupantes napoleónicos, que se encargaron á súa vez de reprimir duramente as protestas. A data marca pois o inicio da Guerra de Independencia Española. O simbólico día foi plasmado por Francisco de Goya no cadro "El dos de mayo de 1808 en Madrid" (tamén coñecido como "La carga de los mamelucos en la Puerta del Sol") obra menos famosa que a dedicada ao día despois: "El tres de mayo de 1808 en Madrid" (ou "Los fusilamientos en la montaña del Príncipe Pío").

Como este e tantos outros artistas, o poeta Añón contaxiouse do patriotismo emanado destes sucesos para dedicarlle ao tema cando menos dúas composicións: "Al Dos de Mayo", datada en Madrid na efeméride correspondente ao 1875 e publicada o 3 de maio de 1876 (polo tanto en vida do vate) en *El Heraldo Gallego*, a revista literaria ourensá de Valentín Lamas Carvajal; e mais "A los Martires del Dos de Mayo", sen data, publicada na edición póstuma (1879) que fixo en Noia o periódico *El Tambre* (poema do que nos ocuparemos noutro momento).

Se a I Guerra Mundial supuxo, como se adoita dicir, a entrada definitiva no século XX, talvez poida considerarse o mesmo no relativo ás Guerras Napoleónicas, que remataron o 20 de novembro de 1815, hai douscentos anos, tras ser Napoleón derrotado na batalla de Waterloo. De feito, o período bélico que vai de 1792 a 1815 tense denominado A Gran Guerra Francesa, cen anos antes da outra Gran Guerra (mundial). Añón naceu en 1812, en plena Guerra de Independencia Española (1808-1814). Daquela, a raíz da invasión francesa ían aparecendo algúns dos primeiros escritos galegos en época contemporánea, textos panfletarios nos que é latente a fidelidade a Deus (relixión católica), á Patria (España) e ao Rei (Fernando VII); como naquel romance anónimo *Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento*, ou tamén nas *Proezas de Galicia, explicadas baixo la*

conversación de los dos compadres Chinto y Mingote (José Fernández Neira, 1810).

Que Francisco Añón sexa fillo do filantropismo francés non quita que rexeite a tutela da "guasona Francia", como a denomina nun verso. O soño da Revolución Francesa tamén creou os seus propios monstros. Mais dos seus ideais bebeu o noso poeta para loitar contra a censura oficial, para reivindicar os dereitos humanos, para condenar o fanatismo... Lembremos se non o poema "La Revolución. Himno patriótico, dedicado al pueblo, al ejército y a la armada. Coro" (que citabamos no primeiro desta serie de artigos), dedicado, non en balde, á "revolución" setembrina de 1868.

Añón vive permanentemente en guerra porque así é como vive o seu século, pronunciamiento tras pronunciamiento, embazado polo absolutismo, restauración tras restauración. Desde a madurez, ao tempo que ía cantado glorias bélicas do imperialismo español en África ou América, tamén lembraba os mártires da francesada, quizais confundidos no recordo cos Mártires de Carral, os mártires do levantamento provincialista de 1846, os mártires da propia guerra do poeta Añón (da que necesariamente teremos que falar na vindeira e última entrega desta serie). E se non bastaba de atraso e reacción aínda máis tres Guerras Carlistas (1833-40, 1846-49, 1872-76) instauradas na cotianidade, tanto que non deixan rastro nos escritos do noso poeta (non como o discípulo Curros Enríquez, corresponsal na terceira Guerra Carlista), conflitos cos que, así e todo, convive desde a mocidade até os anos derradeiros. Porque o peor da guerra, que non ten máis reinado que o da morte, é que acaba por volveirse tan cotiá como a vida mesma.



El dos de mayo de 1808 en Madrid. Francisco de Goya. Museo del Prado



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92